

RESOLUCIÓN REITORAL DE 21 DE FEBREIRO DE 2017, POLA QUE SE CONVOCAN AS ELECCIÓNS PARA A DIRECCIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS DA UDC

Ao abeiro do que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña e o Regulamento electoral aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do día 28 de setembro de 2016, esta Reitoría resolve convocar as eleccións de decanos e directores de centro e directores de departamento nos centros propios da UDC segundo as bases que se achegan con este escrito.

I) COLEXIOS ELECTORAIS

Para as eleccións a decanatos e direccións de centros

O colexio electoral correspóndense coas xuntas de facultade e de escola de cada un dos centros que se relacionan no anexo desta Resolución.

Para a elección á dirección de departamentos

O colexio electoral correspóndense co consello de cada un dos departamentos que se relacionan no anexo desta Resolución.

II) ELIXIBLES

Para as eleccións a decanatos e dirección de centros

Son elixibles os membros da xunta de centro que, sendo profesores ou profesoras con vinculación permanente á Universidade e estando adscritos ao respectivo centro, foren proclamados candidatos de forma definitiva.

Para as eleccións á dirección de departamentos

Son elixibles os membros do consello que, tendo a condición de profesorado doutor con vinculación permanente á Universidade, foren proclamados candidatas ou candidatos candidatos de forma definitiva.

Poderán ser elixibles os membros do consello que teñan a condición de profesorado con vinculación permanente e carezan do título de doutor ou doutora, cando conorra algunhas das circunstancias seguintes:

a) Cando ningún membro do profesorado doutor con vinculación permanente for proclamado candidato.

b) Cando existindo persoas candidatas profesoras doutoras con vinculación permanente, ningunha delas obtivese os votos da maioría absoluta dos membros do consello de departamento. Neste caso, a elección producirase segundo o disposto no art. 45 do Regulamento Electoral.

III) ELECTORES

Para as eleccións a decanatos e dirección de centros

Nas eleccións de decano e director de centro son electores todos os membros da xunta de centro que figuren no correspondente censo electoral.

Para as eleccións á dirección de departamentos

Nas eleccións de director de departamento son electores todos os membros do consello de departamento que figuren no correspondente censo electoral.

IV) PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATURAS

As candidaturas, dirixidas ao presidente da Comisión Electoral Central, presentaranse no Rexistro do centro ou na UADI do departamento correspondente dentro do prazo establecido nos calendarios electorais anexos.

O escrito, asinado polo candidato ou candidata, conterá os seguintes extremos:

- Nome e apelidos
- Número do documento oficial de identificación
- Centro e departamento a que está adscrito

A proclamación provisoria e definitiva de candidatos e candidatas será realizada pola Comisión Electoral Central de conformidade co disposto no art. 16 do Regulamento Electoral.

V) MODO DE SE REALIZAR A SESIÓN PARA A ELECCIÓN

Para as eleccións a decanatos e dirección de centros

O decanato ou dirección convocará unha sesión extraordinaria da xunta do centro, de acordo co establecido no calendario anexo a esta resolución. A elección terá lugar segundo o disposto no art. 40 do Regulamento Electoral.

Para as eleccións á dirección de departamentos

Convocáse consello extraordinario de todos os departamentos da UDC para o día 28 de marzo de 2017. O lugar e a hora concreta de celebración serán fixados pola UADI correspondente, de acordo co decanato ou dirección do centro e comunicado, xunto con esta convocatoria, a todos os membros do departamento.

Este consello extraordinario será presidido polo membro de máis idade presente, actuando como secretario o membro máis novo. No resto, estarase ao disposto no art. 46 do Regulamento Electoral.

VI) PROCLAMACIÓN

Para as eleccións a decanatos e dirección de centros

Consonte o art. 41 do Regulamento Electoral, será proclamada decana ou directora de centro a persoa candidata que obteña maioría absoluta dos votos dos membros da xunta en primeira volta ou, en segunda, maioría simple.

O resultado da votación será comunicado á Comisión Electoral Central aos efectos da súa publicación.

Para as eleccións á dirección de departamentos

Consonte o art. 46 do Regulamento Electoral, será proclamada directora de departamento a persoa candidata que obteña maioría absoluta dos votos dos consello da xunta en primeira volta ou, en segunda, maioría simple.

O resultado da votación será comunicado á Comisión Electoral Central aos efectos da súa publicación.

A Coruña, 21 de febreiro de 2017

O reitor



Julio Abalde Alonso

ANEXO I

CALENDARIO PARA AS ELECCIÓNS Á DIRECCIÓN DOS DEPARTAMENTOS

Publicación do censo electoral provisorio:

22 de febreiro de 2017 (mércores)

Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo electoral provisorio (art. 14 do REX):

- Prazos de presentación: do 22 de febreiro (mércores) ao 27 de febreiro de 2017 (luns), até as 14:00 horas
- Prazos de resolución: do 1 de marzo (mércores) ao 2 de marzo de 2017 (xoves)

Data de publicación do censo definitivo:

3 de marzo de 2017 (venres)

Prazo de presentación de candidaturas (art. 15 do REX):

Do 6 de marzo (luns) ao 10 de marzo de 2017 (venres), até as 14:00 horas

Proclamación provisorio de candidaturas (art. 16 do REX):

13 de marzo de 2017 (luns)

Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorio de candidatos:

- Prazos de presentación: do 14 de marzo (martes) ao 15 de marzo de 2017 (mércores), até as 14:00 horas
- Prazos de resolución: do 16 de marzo (xoves) ao 17 de marzo de 2017 (venres)

Proclamación definitiva de candidaturas:

20 de marzo de 2017 (luns)

Campaña electoral (art. 17 do REX):

Do 21 de marzo (martes) ao 24 de marzo de 2017 (venres)

Data da votación (art. 19 do REX):

28 de marzo de 2017 (martes)

Proclamación provisorio de candidaturas electas (art. 23 do REX):

29 de marzo de 2017 (mércores)

Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorio de candidaturas electas:

- Prazos de presentación: do 30 de marzo (xoves) ao 31 de marzo de 2017 (venres), até as 14:00 horas
- Prazos de resolución: do 3 de abril (luns) ao 5 de abril de 2017 (mércores)

Proclamación definitiva de candidaturas electas:

6 de abril de 2017 (xoves)

ANEXO II

CALENDARIO PARA AS ELECCIÓNS A DECANATOS E DIRECCIÓN DE CENTROS

Publicación do censo electoral provisorio:

1 de marzo de 2017 (mércores)

Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo electoral provisorio (art. 14 do REX):

- Prazos de presentación: do 2 de marzo (xoves) ao 6 de marzo de 2017 (luns), até as 14:00 horas
- Prazos de resolución: do 7 de marzo (martes) ao 9 de marzo de 2017 (xoves)

Data de publicación do censo definitivo:

10 de marzo de 2017 (venres)

Prazo de presentación de candidaturas (art. 15 do REX):

Do 13 de marzo (luns) ao 17 de marzo de 2017 (venres), até as 14:00 horas

Proclamación provisoria de candidaturas (art. 16 do REX):

20 de marzo de 2017 (luns)

Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidatos:

- Prazos de presentación: do 21 de marzo (martes) ao 22 de marzo de 2017 (mércores), até as 14:00 horas
- Prazos de resolución: do 23 de marzo (xoves) ao 24 de marzo de 2017 (venres)

Proclamación definitiva de candidaturas:

27 de marzo de 2017 (luns)

Campaña electoral (art. 17 do REX):

Do 28 de marzo (martes) ao 31 de marzo de 2017 (venres)

Data da votación (art. 19 do REX):

Data entre o 3 de abril (luns) e o 7 de abril de 2017 (venres)

Proclamación provisoria de candidaturas electas (art. 23 do REX):

10 de abril de 2017 (luns)

Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisoria de candidaturas electas:

- Prazos de presentación: do 11 de abril (martes) ao 12 de abril de 2017 (mércores), até as 14:00 horas
- Prazos de resolución: do 17 de abril (luns) ao 19 de abril de 2017 (mércores)

Proclamación definitiva de candidaturas electas:

20 de abril de 2017 (xoves)

ANEXO III

RELACIÓN DE DEPARTAMENTOS E UADI Á QUE ESTÁN ADSCRITOS

Departamento de Química

- Centro de adscrición: Facultade de Ciencias
- UADI: Facultade de Ciencias

Departamento de Física e Ciencias da Terra

- Centro de adscrición: Facultade de Ciencias
- UADI: Facultade de Ciencias

Departamento de Bioloxía

- Centro de adscrición: Facultade de Ciencias
- UADI: Facultade de Ciencias

Departamento de Ciencias Biomédicas, Medicina e Fisioterapia

- Centro de adscrición: Facultade de Fisioterapia
- UADI de Oza

Departamento de Ciencias da Saúde

- Centro de adscrición: Facultade de Enfermaría e Podoloxía
- UADI de Esteiro

Departamento de Enxeñaría Naval e Industrial

- Centro de adscrición: Escola Politécnica Superior
- UADI: Escola Politécnica Superior

Departamento de Enxeñaría Industrial

- Centro de adscrición: Escola Universitaria Politécnica
- UADI: Escola Universitaria Politécnica

Departamento de Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña

- Centro de adscrición: Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas
- UADI: Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas

Departamento de Enxeñaría Civil

- Centro de adscrición: ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos
- UADI: ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos

Departamento de Matemáticas

- Centro de adscrición: Facultade de Informática
- UADI: Facultade de Informática

Departamento de Enxeñaría de Computadores

- Centro de adscrición: Facultade de Informática
- UADI: Facultade de Informática

Departamento de Computación

- Centro de adscrición: Facultade de Informática
- UADI: Facultade de Informática

Departamento de Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas

- Centro de adscrición: Escola Técnica Superior de Arquitectura
- UADI: Escola Técnica Superior de Arquitectura

Departamento de Expresión Gráfica Arquitectónica

- Centro de adscrición: Escola Técnica Superior de Arquitectura
- UADI: Escola Técnica Superior de Arquitectura

Departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

- Centro de adscrición: Escola Técnica Superior de Arquitectura
- UADI: Escola Técnica Superior de Arquitectura

Departamento de Dereito Privado

- Centro de adscrición: Facultade de Dereito
- UADI: Facultade de Dereito

Departamento de Dereito Público

- Centro de adscrición: Facultade de Dereito
- UADI: Facultade de Dereito

Departamento de Economía

- Centro de adscrición: Facultade de Economía e Empresa
- UADI: Facultade de Economía e Empresa

Departamento de Empresa

- Centro de adscrición: Facultade de Economía e Empresa
- UADI: Facultade de Economía e Empresa

Departamento de Educación Física e Deportiva

- Centro de adscrición: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física
- UADI: Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

- Centro de adscrición: Facultade de Ciencias da Educación
- UADI: Facultade de Ciencias da Educación

Departamento de Pedagogía e Didáctica

- Centro de adscrición: Facultade de Ciencias da Educación
- UADI: Facultade de Ciencias da Educación

Departamento de Psicoloxía

- Centro de adscrición: Facultade de Ciencias da Educación
- UADI: Facultade de Ciencias da Educación

Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación

- Centro de adscrición: Facultade de Socioloxía
- UADI: Facultade de Socioloxía

Departamento de Humanidades

- Centro de adscrición: Facultade de Humanidades e Documentación
- UADI: Facultade de Humanidades e Documentación

Departamento de Letras

- Centro de adscrición: Facultade de Filoloxía
- UADI: Facultade de Filoloxía

ANEXO IV

RELACIÓN DE CENTROS NOS QUE SE CONVOCAN ELECCIÓNS A DECANATO OU DIRECCIÓN

Escola Politécnica Superior

Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos

Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas

Escola Universitaria de Arquitectura Técnica

Escola Universitaria Politécnica

Facultade de Ciencias

Facultade de Ciencias da Comunicación

Facultade de Ciencias da Saúde

Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Facultade de Ciencias do Traballo

Facultade de Dereito

Facultade de Filoloxía

Facultade de Fisioterapia

Facultade de Informática